

## Exame tipo

### 1. [1 punto]

Diferenciar entre os distintos tipos de mercados de competencia imperfecta segundo o número de oferentes e a influencia que teñen as empresas sobre a fixación de prezos.

### 2. [1 punto]

Definir o concepto de 'acción' e indicar os dereitos que confire aos socios.

### 3. [2 puntos]

Indicar o número de unidades mínimas que debería vender unha empresa para que a partir de entón o seu beneficio empezase a ser positivo, tendo en conta os seguintes datos:

- Prezo de mercado do ben: 56€
- Retribución total empregados/as: 40.000€
- Subministrados e servizos: 4€por unidade producida
- Alugueres: 16.000€
- Combustible: 8.000€
- Materias primas: 8€por unidade producida
- Gastos administrativos: 4€por unidade producida

### 4. [1 punto]

Explicar que é o marketing mix e comentar as variables que manexa.

### 5. [3 puntos: 1 punto cada apartado]

Unha empresaria pode investir nun dos dous seguintes proxectos (proxecto A e proxecto B) dos que se facilita a seguinte información:

Proxecto	Desembolso inicial	Pagamentos ano 1	Cobros ano 1	Pagamentos ano 2	Cobros ano 2
A	1.000	7.000	8.500	5.000	9.500
B	3.000	8.000	10.000	6.000	6.000

Pídese:

- a) Calcular a taxa de rendibilidade interna (TIR) de cada un dos proxectos
- b) Calcular o valor actual neto (VAN) de cada un dos proxectos supoñendo un tipo de interese do 9%
- c) ¿Cal dos dous investimentos é máis conveniente? Razona a túa resposta.

### 6. [2 puntos: 1 punto cada apartado]

Unha empresa presenta a seguinte información sobre a súa conta de resultados:

- Compra de materias primas: 5.200€
- Subministro de enerxía eléctrica: 800€
- Gastos financeiros: 1.600€
- Amortización inmovilizado: 700€
- Gastos persoal: 2.000€
- Ventas: 12.500€

Supoñendo un tipo impositivo do 30% por Imposto de Sociedades, pídese calcular:

- a) Resultado de explotación.
- b) Resultado do exercicio económico.